



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS (FEGAMP) E A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS (AGAFAN) PARA O APOIO ÁS FAMILIAS NUMEROSAS DE GALICIA.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2015

REUNIDOS

Dona Beatriz Mato Otero, conselleira de Traballo e Benestar, que actúa en nome e representación da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, normas reguladoras da xunta e da súa presidencia e o Decreto 229/2012, do 2 de decembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

Don José Manuel Rey Varela, na súa condición de presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), nomeado na VIII Asemblea Xeral da FEGAMP o día 26 de novembro de 2011, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 46.1º dos seus estatutos, por razón do seu cargo.

Don Luís Sánchez González, que actúa en nome e representación da entidade Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAN) de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos seus estatutos e que consta no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais desta consellería inscrita co núm. E-3218 .

As partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade legal para asinar o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

I. Que o artigo 39 da Constitución Española encomenda aos poderes públicos a protección social, económica e xurídica da familia.

ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS
 C/Novoa Santos 6-8, 1º
 15006 A Coruña



FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
 Presidencia



II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e en virtude da dita competencia aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

III. Que a Consellería de Traballo e Benestar, de acordo co Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, é o órgano da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social de apoio á familia. Neste eido compételle exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia e a infancia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Que dita competencia atópase organicamente adscrita á Dirección Xeral de Familia e Inclusión en virtude do Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

IV. A disposición adicional quinta , apartado 3, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local dispón que as asociacións de concellos, no ámbito propio da súas funcións, poderán celebrar convenios coas distintas administracións públicas e o artigo 8 dos Estatutos da FEGAMP determina que no exercicio das atribucións que ten conferidas gozará de plena capacidade para a subscripción se convenios e contraer compromisos ou obrigas. Para estes efectos, entre os seus fins (artigo 6, apartados b) e h) dos seus estatutos) figura a representación e defensa das entidades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte, incida de xeito directo ou indirecto nos seus asociados. A FEGAMP desenvolverá estas funcións tantas veces como sexa requirida polos concellos que presenten o seu compromiso de adhesión.

V. Que a Asociación Galega de Familias Numerosas, é unha entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Traballo e Benestar co núm. E-3218, que ten entre as súas





funcións a defensa das familias numerosas, colectivo comprendido no ámbito competencial desta consellería.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia reconece a familia como estrutura básica da sociedade e ámbito natural de desenvolvemento da persoa, regulando a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e os seus membros, e, en especial, os nenos e as nenas e os e as adolescentes, de conformidade co artigo 39 da Constitución española.

A Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, establece que cando a familia é numerosa presenta unha problemática particular polo custe que presenta para elas o coidado e educación das fillas/os ou o acceso a unha vivenda axeitada ás súas necesidades. Estas circunstancias poden implicar unha diferenza substancial co nivel de vida doutras familias con menos fillas/os ou sen eles. Isto obriga a introducir medidas correctoras para que os membros das familias numerosas non queden en situación de desvantaxe no que se refire aos bens económicos, culturais e sociais.

A Xunta de Galicia en cumprimento da súa obriga de apoiar a este colectivo elaborou una estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia, 2013-2016, horizonte 2020, co fin de recoller e facer visibles as actuacións e beneficios que existen o se van a programar en favor das familias numerosas para las anualidades 2013-2016.

Pola súa banda, as corporacións locais tamén poden establecer e establecen beneficios para as familias numerosas no seu ámbito competencial.

A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias coinciden na necesidade apoiar a este colectivo de familias mediante o establecemento de beneficios.

En consecuencia, as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes,





CLÁUSULAS

PRIMEIRA

O presente convenio ten por obxecto establecer un procedemento de actuación para determinar os beneficios que os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia outorgan ás familias numerosas. O dito procedemento consistirá na achega por parte dos concellos á Dirección Xeral de Familia e Inclusión dos beneficios que oferten ás familias numerosas de acordo co modelo establecido no anexo I.

SEGUNDA

Os concellos da Comunidade Autónoma que recoñezan beneficios ás familias numerosas poderán adherirse a este convenio, comunicando á Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar as actuacións previstas ou que prevexan establecer en favor deste colectivo. Para isto, será obrigatorio cumprimentar e achegar o anexo I.

Ademais todos aqueles concellos adheridos están obrigados a remitir actualizacións periódicas de ditos beneficios. No caso de que algunha das entidades locais queira desvincularse do compromiso adherido coa sinatura deste convenio, deberán comunicalo á Dirección Xeral de Familia e Inclusión nun prazo dun mes desde a adopción de dito acordo e que surtirá os efectos desde o momento en que se teña coñecemento del.

A Entidade AGAFAN elaborará unha guía cos beneficios outorgados polos concellos adheridos a este convenio.

TERCEIRA

Para os efectos do presente convenio, os compromisos que adquire a **Consellería de Traballo e Benestar** son os seguintes:

- Trasladar a información estatística sobre as familias numerosas de Galicia da que é titular aos concellos que queiran adherirse a este convenio.
- Proporcionar o asesoramento técnico necesario por parte do persoal da Dirección Xeral de Familia e Inclusión para o axeitado desenvolvemento deste convenio.

ASOCIACIÓN GALEGA DE
FAMILIAS NUMEROSAS
CALLE 17, 1º
36100 - FERROL





- Facilitar á entidade AGAFAN a información necesaria para a elaboración e actualización da guía cos beneficios outorgados polos concellos adheridos a este convenio.
- Difundir a guía coas medidas adoptadas polos distintos concellos adheridos a este convenio a través das páxinas web <http://www.benestar.xunta.es> e <http://www.familiasgalegas.org>.

Esta colaboración non implicará en ningún momento, cesión nin comunicación de datos persoais por parte da Consellería, todo isto nos termos da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, que aproba o regulamento de desenvolvemento da dita Lei Orgánica 15/1999.

Pola súa parte a **Federación Galega de Municipios e Provincias** comprométese a:

- Promover, difundir e potenciar o contido deste convenio entre todas as entidades locais de Galicia para a súa adhesión a este, segundo o modelo de compromiso de adhesión que figura no anexo.
- Asumir, no seo da Comisión mixta de control e seguimento, a representación e defensa dos intereses dos concellos que eventualmente teña algún problema na execución dos seus compromisos.
- Difundir a guía coas medidas adoptadas polos distintos concellos adheridos a este convenio a través da súa páxina web ou doutros medios que considere convenientes.

ASOCIACION GALEGA DE
FAMILIAS NUMEROSAS
C/ Rosal de Lamela, 6-B, 1º
Coruña

Os concellos que se adhiran a este convenio comprométese a:

- Comunicar á Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar os beneficios que no ámbito da súa competencia outorguen ás familias numerosas.
- Difundir as medidas adoptadas en favor das familias numerosas no seu concello a través da súa páxina web ou doutros medios que considere convenientes.

Pola súa banda, **AGAFAN** comprométese:

- Elaborar e manter actualizada a guía coas medidas adoptadas polos distintos concellos adheridos e remitila á Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar para a súa publicación e divulgación.





- Difundir as medidas adoptadas en favor das familias numerosas polos concellos adheridos ao presente convenio lo a través da súa páxina web ou doutros medios que considere convenientes.

CUARTA

Este convenio incluírase e farase público no Rexistro de axudas, subvencións e convenios, de acordo co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, sen prexuízo do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

QUINTA

O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2015. Prorrogarase automaticamente por anos naturais, agás que calquera das partes asinantes o denuncie expresamente, previa comunicación escrita ás outras partes, con polo menos dous meses de antelación á expiración da súa vixencia.

SÉXTA

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto, aplicaráselles os principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Traballo e Benestar poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou directamente, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS
 C/ A Saúllos 6-8, 1º
 48100 LEÓN (CANTABRIA)



Federación Galega de Municipios e Provincias
Presidencia



SÉTIMA

Darán lugar á resolución do presente convenio as causas que, a continuación se relacionan:

- mutuo acordo das partes asinantes
- incumprimento das cláusulas do convenio por algunhas das partes asinantes
- resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como incumprimento das obrigas contables

OITAVA

Constitúese unha comisión mixta de seguimento á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste acordo e non recollidas nel, e con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión está composta por:

- Pola Consellería de Traballo e Benestar: a directora xeral de Familia e Inclusión ou a persoa en quen delegue, que exercerá a presidencia.
- Pola FEGAMP: o presidente ou persoa en que delegue.
- Pola Asociación Galega de Familias Numerosas: o presidente ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario/a un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

En proba de conformidade con canto antecede, as partes intervintes asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicados ut supra.

**A CONSELLEIRA DE TRABALLO
E BENESTAR**

Beatriz Mato Otero



O PRESIDENTE DA FEGAMP

Fegamp
FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

José Manuel Rey Varela

**O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN
GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS**

Luis Sánchez González

ASOCIACIÓN GALEGA DE
FAMILIAS NUMEROSAS
Novoa Santos 8-8, 1º
36200 A Coruña



ANEXO I

**COMPROMISO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA, A
FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) E A
ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS (AGAFAN) PARA O APOIO
ÁS FAMILIAS NUMEROSAS DE GALICIA**

**Don/dona.
alcalde/alcaldesa do Concello de**

DECLARA

Que logo de coñecer o Convenio asinado entre a Consellería de Traballo e Benestar, a FEGAMP e a Federación Galega de Familias Numerosas, quere adherirse a este ofrecendo os beneficios que de seguido se indican:

Beneficios....

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.

ASOCIACION GALEGA DE
FAMILIAS NUMEROSAS
C/ Nova Santos 6-B, 1º
15006 A Coruña

En virtude deste convenio o/a alcalde/alcaldesa do concello de
comprométese a adherirse a este cumprindo as obrigas sinaladas nel.

